

MATERIA
Economía Política II – Facenda Pública

unidade
didáctica
2

TITULACIÓN
Grao en Dereito

Ciencias Sociais e Xurídicas

O gasto público

Rosa María Regueiro Ferreira
Juan José Verdes Gómez

Área de Economía Aplicada
Departamento de Economía Aplicada
Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

© Universidade de Santiago de Compostela, 2022

Deseño e maquetación

J. M. Gairí

Edita

Edicións USC

usc.gal/publicacions

DOI

<https://dx.doi.org/10.15304/9788419155979>

MATERIA: Economía Política II – Facenda Pública

TITULACIÓN: Grao en Dereito

PROGRAMA XERAL DO CURSO

Localización da presente unidade didáctica

Unidade I. Fundamentos da economía pública e a actividade financeira

Fundamentación da actividade pública. Erros de mercado

As funcións da facenda pública

Eficiencia económica e mercados competitivos

Tipos de intervención: instrumentos

Sector Público e orzamento

O orzamento do sector público

Concepto e ciclo orzamentario

Contido orzamentario: clasificación e fórmulas orzamentarias

O orzamento en España

Elección colectiva e comportamento do sector público

Unidade II. O gasto público

Gasto público. Eficiencia e equidade

Análise económica do gasto público

Saldos orzamentarios

Unidades III. Ingreso público

Estrutura tributaria

Principios de imposición

Análise económico da imposición

O sistema impositivo. Análise dos distintos impostos

Outros ingresos públicos

ÍNDICE

PRESENTACIÓN

OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Evolución do gasto público
2. Causas que inflúen no crecemento do gasto público
3. Ferramentas de análise da eficiencia do gasto público
4. Principais saldos orzamentarios

ACTIVIDADES PROPOSTAS

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

- Requirimento de orixinalidade
- Observacións

BIBLIOGRAFÍA

- Básica
- Complementaria
- Citas de recursos en internet


PRESENTACIÓN

A unidade didáctica “O gasto público” pertencen á materia Economía Política II – Facenda Pública, correspondente ao primeiro curso do Grao en Dereito. Segundo o regulado no RD 1393/2007, e na lexislación propia da USC, a materia ten carácter obrigatoria no Plan de Estudos e sitúase temporalmente no segundo semestre do curso. Así pois está destinada ao alumnado do Grao de Dereito do Campus de Santiago de Compostela. A súa carga lectiva é de 6 créditos ECTS.

A programación docente está constituída por tres unidades didácticas nas que se abordan os elementos máis relevantes do funcionamento do sector público como axente económico. Búscase proporcionar ao alumnado os rudimentos da macroeconomía e da Facenda Pública, de xeito que poida acadar unha visión de conxunto do papel económico do Estado.

A programación docente da materia Economía Política II – Facenda Pública está formada por tres unidades didácticas, como se indica no programa docente da materia e na guía docente da mesma. Aquí preséntase a segunda unidade didáctica, na que se establecen sistemas de análise da eficiencia e equidade do gasto público.

Figura 1. Estrutura da materia Economía Política II – Facenda Pública



Fonte: elaboración propia


OBXECTIVOS E COMPETENCIAS

A materia Economía Política II – Facenda Pública, impartida no primeiro curso do Grao de Dereito, constitúe unha primeira aproximación ao papel económico que

xoga o Estado a través da Facenda Pública no desenvolvemento dunha economía de mercado. Os obxectivos son os seguintes:

Comprender o complexo papel das institucións públicas nas economías mixtas, así como asimilar e aplicar a problemas concretos os conceptos básicos e principais achegas da Facenda Pública (e, por extensión, da Economía Pública e a Política Económica).

1. Coñecer os mecanismos financeiros fundamentais do Sector Público en termos orzamentarios, e comprender a estrutura económica das rendas, así como o funcionamento baixo a perspectiva económica dos impostos máis significativos.
2. Entender a importancia económica da regulación pública e introducirse na aplicación da análise económica ao Dereito.
3. Calcular diversas macromagnitudes mediante a aplicación das identidades da contabilidade nacional, deflactar as cifras económicas, e determinar os diversos saldos da balanza de pagamentos internacionais dun país.
4. Manexar con soltura os presupostos do Estado, comunidades autónomas e corporacións locais, e adquirir unha cultura mínima sobre o déficit público, estabilidade orzamentaria, efectos sobre os cambios do IPC, tipos de xuro, valor do euro, paridades adquisitivas, etc.
5. Aplicar á regulación pública e en xeral ao sistema xurídico as ferramentas da análise económica.
6. Comprender a problemática económica das principais áreas de provisión de bens e servizos públicos, e dos principais programas de transferencias públicas aos axentes privados.
7. Manexar os elementos de cuantificación máis relevante e comúns a todos os sistemas tributarios nos impostos sobre a renda persoal, Sociedades e Impostos sobre vendas, así como aplicar tarifas impositivas alternativas, agrupacións de rendas, actualización de rendas, tipos de mínimos exentos, etc.
8. Identificar as accións de política económica susceptibles de conter a inflación / xerar emprego / estimular o crecemento económico..., e os seus posibles efectos adversos sobre os demais obxectivos macroeconómicos.
9. Manexar Internet para obter datos económicos e fiscais de Eurostat, OCDE, FMI, BCE, BE, INE, etc.



OS PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

En liña co modelo do Espazo Europeo de Educación Superior, para o ensino da materia combinaranse as clases expositivas coas interactivas, sendo complementadas con titorías.

Neste momento, na Universidade de Santiago de Compostela e en relación aos escenarios derivados da pandemia Covid 19, aplícase o escenario 1, normalidade adaptada, con docencia presencial.

As clases expositivas constitúen o eixe central para o desenvolvemento do programa docente da materia. Durante estas sesións, os contidos teóricos intercalaranse con situacións reais, apoiándose para iso en material de apoio como gráficos, estatísticas, noticias... As explicacións do profesorado deben acompañarse en todo momento coa participación activa do alumnado a través de debates e preguntas que fomenten o seu papel protagonista no proceso de aprendizaxe. O método afirmativo, tanto expositivo como demostrativo, combinarase co método de elaboración interrogativo. Debido á limitación temporal para impartir a materia, o método de elaboración por descubrimento só se empregará nalgunha actividade interactiva. Poderá haber actividades específicas que se deseñen para a súa realización telemática. Para esta unidade, estímase dedicar dúas sesións expositivas.

O programa desenvolvido nas clases expositivas coordínase coas sesións interactivas, nas que se analizan con maior detalle os contidos presentados previamente. Nestas sesións, o alumnado poderá reflexionar sobre estes contidos a través de casos prácticos, debates e lectura e comentario crítico de textos seleccionados polo docente. Os debates que relacionen os contidos abordados na materia con temas de actualidade supoñen unha ferramenta importante para a asimilación dos coñecementos e a construción de argumentos coherentes sen ambigüidades. Para esta unidade, estímase dedicar unha sesión interactiva.

As titorías serán prioritariamente presenciais, aínda que cabe a posibilidade de concertar ocasionalmente titorías telemáticas.

Tamén estará dispoñible unha aula virtual da materia no Campus Virtual. O Campus Virtual empregarase como un complemento docente ás sesións presenciais, así como un instrumento de titorización e de intercambio de ideas co alumnado. O alumnado terá á súa disposición material complementario de interese para unha mellor asimilación e afondamento nos contidos da materia. Asemade, promoverase o emprego do foro para a consulta de dúbidas, comentarios e debates sobre os temas vinculados á materia.

Os recursos que se empregarán nesta unidade didáctica serán documentais (textos de referencia, textos complementarios), visuais (presentacións empregadas na aula), así como outros recursos gráficos, sonoros, etc, que poidan ser recomendados tanto polo profesorado como polo alumnado.

OS CONTIDOS BÁSICOS

1. Evolución do gasto público

Na Unidade I o alumnado aprende que a economía obxecto do noso estudo está composta por dous piares fundamentais: a economía privada e a economía pública, sendo o principal actor de esta o Estado.

O alumnado aprende cales son as funcións da Facenda Pública, os métodos de intervención e introdúcese na análise dos orzamentos públicos.

Unha vez establecido o contexto, na Unidade II buscamos responder varias cuestións:

1. Como evolucionou o gasto público ao longo do tempo nas economías da nosa contorna.
2. Que causa o crecemento do gasto público nas economías modernas.
3. Como podemos medir o nivel de eficiencia do gasto público.

Establecemos un marco temporal onde poder analizar a evolución do gasto público como porcentaxe do PIB nas principais economías modernas.

Empregamos aquí estatísticas do Ministerio de Facenda e Eurostat.

2. Causas que inflúen no crecemento do gasto público

A evolución crecente do gasto público nas economías modernas non ten unha explicación única, senón que se trata dun conxunto de circunstancias que obrigan a facer unha análise global do contorno.

Para elaborarmos esta análise empregamos distintas teorías que se agrupan en dous grandes bloques:

TEORÍAS DE DEMANDA

- Lei de Wagner
- Efecto desprazamento (Peacock e Wiseman)
- Redistribución da renda
- Grupos de interese
- Ilusión fiscal

TEORIAS OFERTA

- Hipótese Baumol
- Ciclo político-económico-electoral
- Teorías burocracia
- Ideoloxía partido dominante
- Centralización poder político
- Técnicas orzamentarias

Para finalizar esta análise, introducímonos na Teoría do Crecemento de Musgrave, que fai un resumo das teorías anteriores empregando tanto argumentos de gastos como de ingresos.

3. Ferramentas de análise da eficiencia do gasto público

Un aspecto moi importante no gasto público é poder medir o nivel de eficiencia do mesmo para saber se se está gastando de xeito correcto. Gastar de maneira eficiente debe considerarse unha obriga legal e tamén unha exigencia ética para o sector público.

Os elementos que determinan a eficiencia do gasto público dependen das causas polas que xorde o gasto público e dos instrumentos para o seu financiamento.

Existen distintas medidas da eficiencia do gasto público, as máis importantes son:

- a) A eficiencia económica: mide e compara os custos e os beneficios das actividades públicas. As técnicas máis empregadas son a Análise Custo-Beneficio e a Análise Custo-Eficacia.
- b) A eficiencia produtiva: avalía como se están empregando os distintos factores produtivos para prestar os bens e servizos públicos ao menor custo posible. Toma como dadas as actividades públicas e expón se o sector público emprega da mellor maneira posible os factores produtivos, sendo esta a eficiencia técnica; e por outra banda expón se o sector público emprega a mellor combinación posible de factores produtivos, sendo esta a eficiencia asignativa.

A técnica máis empregada é a Análise Custo-Beneficio, que busca cuantificar os custos e os beneficios derivados da actuación do Sector Público. Esta técnica analiza tanto os custos e beneficios tanxibles como os intanxibles.

As etapas que se deben seguir na Análise Custo Beneficio son as seguintes:

- Definición explícita e clara dos obxectivos de política económica ou social que se pretenden alcanzar.
- Estudos dos modos alternativos de alcanzar tales obxectivos.
- Enumeración, definición e medida dos custos e beneficios sociais e non só os financeiros.
- Elección dunha taxa social de desconto.
- Estimación dos efectos do risco e incerteza.
- Consideración dos efectos distributivos dos proxectos.
- Presentación sistematizada, a quen deba tomar a decisión, dos resultados das diversas partes da análise e da regra de decisión usada.

4. Principais saldos orzamentarios

Un aspecto moi importante no gasto público é o resultado do seu orzamento. Os saldos orzamentarios máis importantes son:

- AFORRO BRUTO = INGRESOS CORRENTES – CUSTOS CORRENTES
- CAPACIDADE/NECESIDADE DE FINANCIAMENTO: SUPERÁVIT OU DÉFICIT NON FINANCIEROS
- DÉFICIT OU SUPERÁVIT PRIMARIO
- CAPACIDADE/NECESIDADE DE ENDEBEDAMENTO = VARIACIÓN DE PASIVOS FINANCIEROS.

ACTIVIDADES PROPOSTAS

Para poder afondar e poñer en práctica os contidos teóricos explicados nas sesións expositivas, dedícanse dúas sesións interactivas para esta unidade didáctica. En esta sesións estarán dedicadas, por unha banda, a analizar os datos que publica periodicamente a OCDE para analizar o peso do Sector Público nas distintas economías da nosa contorna e a súa evolución histórica. Por outra banda, analizarase un caso real de Análise Custo Beneficio que permitirá ao alumnado poñer en práctica os aspectos teóricos explicado na aula e entender as dificultades que implica a valoración de custos e beneficios tanxibles e sobre todo intanxibles.

Sobre este último aspecto levaremos a cabo discusións e debates que permitan pór de manifesto os coñecementos adquiridos.

AVALIACIÓN DA UNIDADE DIDÁCTICA

A avaliación desta unidade didáctica levarase a cabo segundo o sistema de avaliación continua en tres fases:

—fase 1: considerárase a participación activa nas clases expositivas, en canto ao emprego dos contidos expostos e pertinencia das cuestións formuladas. A avaliación realizarase mediante anotacións no diario de participación, en base a tres rúbricas: calidade de preguntas expostas, calidade de razoamento e calidade de resposta.

—fase 2: empregárase unha avaliación procesual ao longo de toda a unidade didáctica, e en especial na clase interactiva que lle corresponden a esta unidade. Para isto, levaranse a cabo comentarios, preguntas sobre os contidos xa presentados, ou resolución de casos prácticos, co obxectivo de comprobar a comprensión dos contidos expostos e aclarar e reforzar aqueles que non quedaran claros, facilitando tamén a relación dos novos contidos cos xa vistos anteriormente.

—fase 3: correspóndese coa avaliación final e realízase unha vez rematada a materia, para valorar o grao de cumprimento dos obxectivos e de adquisición de coñecementos e capacidades por parte do alumnado. Neste exame haberá dúas ou máis preguntas relativas aos contidos desta unidade didáctica.

No sistema de avaliación continua, a cualificación é o resultado de sumar a puntuación obtida nas preguntas do exame referidas a esta unidade e a valoración obtida nas actividades interactivas. Na valoración global da materia, é importante considerar que os criterios de avaliación continua se basearán en:

- a) 15 % en relación á participación nas clases e nos debates que se formulen polo profesorado sobre diferentes temas.
- b) 35 % en relación aos traballos obrigatorios (individuais ou en grupo) realizados encomendados polo profesorado e que poderán ser expostos en clase. Terase en conta a claridade e capacidade expositiva, o dominio da terminoloxía propia da materia.

- c) 50 % en relación ao resultado da proba final escrita en que se avaliará o coñecemento adquirido ao longo das clases e nos textos recomendados para cada tema. O exame será presencial.

Obterán a cualificación de non presentado aquelas persoas que non se presentasen ao exame ou non se sometan á avaliación de calquera outra actividade obrigatoria.

O sistema de avaliación única basearase nun exame final sobre os coñecementos teóricos e prácticos desenvolvidos ao longo da explicación dos contidos da materia, que terá un peso relativo do 100 % na cualificación final da materia. Formará parte da materia obxecto de exame todo o material que se indique nas clases, tanto expositivas como interactivas, así como os textos ou outro material utilizado na avaliación continua da opción 1. Esta opción poderá ser elixida por todas as persoas que por calquera motivo non poidan asistir regularmente ás clases interactivas ou por aquelas que teñan dispensa de asistencia a clase. O exame será presencial.

Requirimento de orixinalidade

Na realización dos exercicios e traballos encomendados ou dos exames co obxecto de ser avaliados, deben seguirse certos estándares:

- Toda reprodución literal total ou parcial tomada dun libro, revista, publicación electrónica, páxina web, etc. debe citarse entre comiñas, referenciando correctamente a fonte de onde se tomou, de modo que se poida comprobar que a cita é correcta.
- Tamén deberá facerse dita referencia se é tomada a idea principal doutro texto aínda que baixo unha nova redacción.
- De non seguirse estas normas, considerarase que se está realizando un plaxio, é dicir, unha copia no substancial de obras alleas, facéndolas pasar como propias.
- Tamén se considerará plaxio se dita copia se fai doutro compañeiro ou compañeira, facéndose pasar como autor/ra do documento, ou se entrega un documento que foi escrito por outra persoa, ou o uso indebido das tecnoloxías na realización de tarefas ou probas.

Para os casos de realización fraudulenta de exercicios ou probas será de aplicación o recollido na Normativa de avaliación do rendemento académico dos estudantes e de revisión de cualificacións da USC.

Observacións

Utilizarase o campus virtual para informacións xerais sobre a materia e para o depósito de materiais que se consideren de utilidade.

A lingua vehicular da materia para a impartición de clases e para diferentes materiais será o galego. Certos materiais que poden ser utilizados estarán noutros idiomas.

BIBLIOGRAFÍA

Básica

- ALBI, E. Et al. (2017): Economía Pública I y II, Ed. Ariel, Barcelona. (disponibles en versión eBook)
- BUSTOS, A. (2010): Lecciones de Hacienda Pública, Colex. (disponible en versión eBook)

Complementaria

- CAAMAÑO, J. (2007): El control del gasto bajo un prisma de Gestión Pública: dddddd
- CADAVAL, M. (2011): El gasto público. Unidad didáctica 2. USC.
- CORONA, J. F. e DÍAZ, A.(2005): Introducción a la Hacienda Pública, Ariel.
- COSTA, M.; DURÁN, J. M.; ESPASA, M.; ESTELLER, A. E MORA, A. (2005): Teoría Básica de los impuestos: un enfoque económico, Thomson, Civitas.
- Escuela de Hacienda Pública (1995): Manual de Hacienda Pública, IEF.
- GARCÍA VILLAREJO, A. e SALINAS SÁNCHEZ, J. (1996): Manual de Hacienda Pública, Tecnos.
- MOLDES TEO, E.(1987): Elección pública: hacia una teoría de los fallos colectivos, IEF.
- ROSEN, H. S.(2007): Hacienda Pública, McGraw-Hill.

Citas de recursos en internet

- Agencia Tributaria: <https://sede.agenciatributaria.gob.es/>
- Boletín Oficial do Estado: www.boe.es
- Instituto de Estudios Fiscales: www.ief.es
- Ministerio de Economía: <https://portal.mineco.gob.es>
- Ministerio de Administraciones Públicas: www.map.es



Unha colección orientada a editar materiais docentes de calidade e pensada para apoiar o traballo do profesorado e do alumnado de todas as materias e titulacións da universidade

unidadesdidácticas
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA